



BANDO

ISABEL GIL ÁLVAREZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE RAMIRÁS,

FAGO SABER á veciñanza:



Procédese a informar sobre a situación actual do servizo de abastecemento de auga municipal:

No mes de xuño produciuse un consumo excesivo de auga e un par de avarias mantendo o servizo sen recuperación completa.

No mes de xullo, na primeira fin de semana (4 e 5 de xullo) con aviso de onda de calor alerta amarelo, rexistrouse un consumo excesivo de mais de 800.000 litros do depósito de cabeceira.



**CONCELLO de RAMIRÁS**

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Informouse na páxina web do Concello de Ramirás da incidencia rogando a veciñanza, o consumo responsable da auga.

Do domingo ao luns (06/07/2026) en menos de 24 horas o consumo na tanque de Vilariño, rexistraba un consumo de 891.506 litros no Picouto e Vilariño e de 139.590 litros na Corredoira/Outeiro o que rematou baleirando os tres tanques.

Luns 06/07/2026 ás 18.30h procédese ao peche de tanques.

Martes 7/07/2026 as 11.00h procédese a apertura dos tanques.

Nunha hora quedou practicamente baleiro a ETAP e o tanque de Vilariño (perdéronse a razón de 1 litro por segundo), posiblemente derivado a algún pozo pola rede de tubaxe antiga.

Informados os veciños /as afectados da situación
**PREGAMOS QUE TODOS OS QUE QUE TEÑAN POZO
OU CONEXIONS CON ACOMETIDAS ANTIGAS PECHEN
AS CONEXIONS.**

**TOMARANSE MEDIDAS, SERIAS E RESPONSABLES
PARA EVITAR UN MAL USO DA AUGA.**





CONCELLO de RAMIRAS

NIF : P3206900 G

Tf. : 988 491 523

Fax : 988 478 604

E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Infórmase así mesmo que se farán **CORTES DE AUGA**, mentres non se recuperen minimamente os tanques, para poder abastecer as necesidades básicas.

A Alcaldesa
Isabel Gil Álvarez

